

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2022.

Dá comezo a xuntanza ás 11:00 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros: Pablo Taboada Antelo, Eva Rodil Rodríguez, Marco Eugenio Vázquez Sentís, Dolores Vilavedra Fernández, Margarita Estevez Súa, Ángel García Alonso, Isabel Fraga Carou, Beatriz Álvarez Díaz, Miguel Guisantes Alonso, Carolina López Gómez

Desculpan asistencia:

ORDE DO DIA

1. Aprobación acta anterior
2. Informe da dirección da EDIUS
3. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación dos programas de doutoramento en:
 - Investigación Agraria e Forestal
 - Xestión Sustentable da Terra e do Territorio
 - Investigación en Tecnoloxías da Información
4. Asuntos de trámite
5. Rogos e Preguntas

1. Aprobación, se procede, da acta anterior

Acordase aprobar a acta da Comisión do día 13/09/2022

2. Informe do equipo directivo da EDIUS

- A semana pasada tivo lugar a reunión das tres universidades galegas coa Axencia Galega de Calidade (ACSUG), entre outras cousas, daranse a coñecer os procedementos de acreditación e seguimento dos programas de doutoramento coa entrada en vigor do novo RD 822/2021. que regula as ensinanzas universitarias de grao e mestrado. Polo momento, non temos información sobre o que se tratou nesa reunión. Informar de que EDIUS enviou un escrito no que se tratan cuestións que afectan ao centro e que deben ser abordadas, entre elas: a simplificación do procedemento de acreditación e o seguimento dos PD, aclarando quen é o responsable do seguimento dos titulados xa que en principio debería ser a propia axencia e non a DPs, a interpretación que realicen as comisións de acreditación como necesaria para proxectos en marcha do profesorado vinculado aos PD, aclarando quen é o responsable da información pública dos PD, etc.
- No próximo Consello de Goberno, que terá lugar esta semana, tratarase o calendario de solicitudes de novos títulos e modificacións dos existentes. Lembra que este ano a práctica totalidade da PD da USC terá que solicitar a modificación da memoria para adaptala ás indicacións recibidas no proceso de acreditación. Neste borrador de calendario a proposta de prazo para presentar a declaración de intencións é o 25/11 e haberá como novidade un período de exposición pública. Unha vez aprobado

oficialmente o calendario, enviarase dende EDIUS un correo electrónico coa información do proceso a todos os programas de doutoramento que deban solicitar a modificación da memoria.

- A modificación do RD 99/2011, polo que se regulan os estudos oficiais de doutoramento, está en debate a nivel nacional, remitiuse desde EDIUS comentarios e propostas de modificación do devandito borrador. A Consellería de Universidades avaliará as propostas que reciban as distintas universidades e elaborará un novo borrador para enviar ás universidades, polo que o proceso será un pouco máis lento do previsto.

3. Informe das alegacións ao informe provisional da ACSUG para a acreditación dos programas de doutoramento en:

- **Investigación Agraria e Forestal**

A EDIUS non recibiu o informe para poder ser avaliado nesta reunión. Polo que o que procede é que este PD non leve informe o informe da Comisión de Calidade da EDIUS e unha vez se presente se envíe a área de calidade e a ACSUG sen dito informe.

- **Xestión Sustentable da Terra e do Territorio**

A comisión de calidade acordou informar favorablemente a memoria de verificación do Programa de Doutoramento Xestión Sustentable da Terra e do Territorio

- **Investigación en Tecnoloxías da Información**

A comisión de calidade acordou informar favorablemente a memoria de verificación do Programa de Doutoramento Investigación en Tecnoloxías da Información

4. Asuntos de trámite

Non hai

5. Rogos e Preguntas

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesións as 11:00 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: Eva Rodil

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 06/02/2023 12:48:45.

Asinante/Firmante/Signer: EVA RODIL RODRIGUEZ, NIF ***2074**, 06/02/2023 11:13:20.

CSV: 878B-6880-4224-ACD6